

# DA PAISAXE COMO DOMINIO DA NATUREZA

Por Carlos L. Bernárdez

A obra de Christian Villamide (Lugo, 1966)

Chama a atención pola linguaxe plástica e visual multidisciplinar, mais sempre estas formas están rexidas na súa concreción por una vontade e una análise conceptual. Este fenómeno vaise perfilando de xeito cada vez máis evidente a medida que un enxerga as pezas presentes nunha mostra en que reflexiona sobre a distancia con que nos situamos fronte á paisaxe e o territorio, evidenciando a violencia á que sometemos a natureza.

O ollar do artista, cheo de sutil ironía, fai agromar elementos naturais agochados pola intervención humana, espazos naturais case prefabricados, acoutados, que inzan as nosas cidades.

O traballo de Villamide tórnase sintomático da nosa realidade cultural – no sentido máis amplo da acepción- porque nos presenta certas tendencias – levadas moitas veces ao absurdo – no uso do espazo público no mundo actual e tamén porque permite a reflexión sobre o sentido profundo, sobre o valor plural, mesmo desde a perspectiva puramente lingüístico-conceptual, da ocupación do territorio na sociedade contemporánea. De feito, a exposición e una posta en dúbida da habitual relación entre os seres humanos e estazo, ou cando menos sinala a súa esencial debilidade. A procura ambigüidade das pezas e a actitude conceptual que presentan é de seu, todo un síntoma de multiplicidade de lecturas que o ámbito espacial e social nos pode ofrecer.

En boa medida semella una superación, que non negación, da vella relación espazo natural-espazo-social que presidía una parte da construción da modernidade desde hai máis dun século, en especial desde as prácticas da vangarda histórica.

O argumento plástico que percibimos amosa una dialéctica fidelidade-alteración dos presupostos conquistados pola tradición histórica da modernidade. O resultado permite establecer una tensión, da que xorden determinadas peculiaridades, como pode ser o uso de materiais naturais mesturados con elementos industriais, non utilizados como pura apropiación, senón como materia constructiva, ou a tendencia cara a una captación dos aspectos físicos do obxecto artístico.

Son pezas que se configuran como presenzas intensas, que absorben e dan luz e enerxía – velaí o seu cromatismo – e mudan a nosa realidade espacial, como lembrándonos que calquera captación temporal non pode ser definida sen termos en conta a incontestábel presenza tridimensional.

**Carlos L. Bernárdez**